



RESOLUCIÓN da presidenta do Consello da Cultura Galega pola que se aproban as bases xerais e específicas que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega.

A Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega, na xuntanza realizada o día 1 de decembro de 2022, aprobou as bases xerais e específicas que teñen como obxecto regular as convocatorias para cubrir as prazas de traballo vacantes no cadro de persoal laboral do Consello da Cultura Galega, relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal e que se convocan polo sistema de concurso ao abeiro do previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, conforme figura no documento anexo.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2022

Asdo.: Rosario Álvarez Blanco
Presidenta do Consello da Cultura Galega



ANEXO

Bases xerais que regulan as convocatorias de diversos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega que se convocan polo sistema de concurso

Primeira. Contido e ámbito de aplicación

Estas bases xerais teñen como obxecto regular as convocatorias para cubrir as prazas de traballo vacantes no cadro de persoal laboral do Consello da Cultura Galega, relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal que se convocan polo sistema de concurso ao abeiro do previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro.

As especialidades de cada proceso selectivo, como a natureza, as características dos postos e os requisitos de titulación, serán obxecto de regulación nas bases específicas de cada convocatoria.

Segunda. Prazas que se van convocar

Estas bases xerais rexerán as convocatorias de prazas vacantes previstas na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal, aprobada pola Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega o 10 de



maio de 2022 e que consta publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) n.º 100, do 25 de maio de 2022, que son as seguintes:

- PRAZAS DE PERSOAL LABORAL:

Código	Denominación	Grupo	Sistema selectivo
01.01.01	Administrativo/a- Secretaría de Dirección	III	Concurso
01.01.02	Administrativo/a- Secretaría Económico- Administrativa	III	Concurso
01.01.05	Administrativo/a xeral	III	Concurso
02.02.01	Técnico/a superior- Coordinador/a	I	Concurso
02.02.02	Técnico/a superior xestión cultural	I	Concurso
04.03.01	Técnico/a superior dese- ño	I	Concurso
04.03.02	Técnico/a xestión in- formática	II	Concurso

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal



Previamente á publicación do anuncio de cada convocatoria, informarase ao traballador/a afectado/a de que se vai convocar a praza que vén ocupando e que pode participar no referido proceso de selección.

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

1) Con carácter xeral, para seren admitidas na realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais do que establezan as respectivas bases específicas de ingreso:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non superar, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias.



- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza ou posto a que aspira.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Ter aboada a taxa polos dereitos de participación no proceso selectivo, de conformidade co disposto na base 6ª das presentes bases.
- g) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega correspondente a cada proceso de selección, que se detallará nas bases es-



pecíficas. Os que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das presentes bases.

h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

2) Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data da súa contratación como persoal laboral fixo.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Cuarta. *Sistema de selección*

O sistema de selección para acceder ás distintas prazas será o de concurso, que consistirá unicamente na valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes.

Quinta. *Solicitudes*

1. A capacidade técnica e formación das persoas ás cales van dirixidas estas bases permítenlles o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios para se relacionaren por este medio co sector



público autonómico. Polo tanto, ao abeiro dos artigos 14.2 e 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e dos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 4/2019, do 14 de xullo, de administración dixital de Galicia, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes e da documentación será de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. A presentación fóra de prazo suporá a non admisión do aspirante no proceso selectivo.

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b. Título universitario, ou non universitario, esixido nas bases específicas para participar no procedemento.



No caso de que as persoas interesadas se opuxesen a esas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse á persoa interesada a súa achega.

3. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar os seguintes documentos orixinais ou copia cotexada deles:

- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa deles. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

- Xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos de exame, de conformidade co previsto na base 6ª das presentes bases.

- O título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega correspondente a cada proceso de selección, que se detallará nas bases específicas.

4. A presentación da solicitude de participación no procedemento selectivo implica a aceptación plena e sen condicións das bases que rexen o proceso de selección. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que



consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

5. Para os efectos de cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado para o desenvolvemento do proceso selectivo e poderán ser cedidos de conformidade coa lei; a persoa interesada poderá exercer ante o Consello os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Sexta. Dereitos de exame

Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar no proceso selectivo deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe da taxa que estea vixente no momento da presentación da solicitude, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.



O pagamento da taxa tamén se poderá facer efectivo por Internet. Para isto deberase acceder á Oficina Tributaria, a través da Oficina Virtual na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública e premer a ligazón «Pago de taxas e prezos». Unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa, que será o que se achegue xunto coa instancia.

Estarán exentos do pagamento das taxas por dereitos de inscrición, logo de xustificación documental, as persoas sinaladas no artigo 23.5º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A acreditación deste dereito, debidamente cotexada, presentarase xunto coa instancia.

A non presentación do xustificante do ingreso da taxa ou a presentación do xustificante do ingreso no que non figure o selo da entidade bancaria, con indicación da data, determinarán a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación, en tempo e forma, da solicitude.

Sétima. Admisión de aspirantes



1) Unha vez finalizado o prazo dos vinte días hábiles fixado para presentar as solicitudes, o Consello da Cultura Galega ditará resolución, no prazo máximo dun mes, na que declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando, de ser o caso, os motivos de exclusión, que se publicará no DOG e na páxina web do Consello da Cultura Galega.

2) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión. No suposto de producirse reclamacións, deberá ditarse unha nova resolución, admitíndoas ou rexeitándoas, coa publicación da lista definitiva no DOG e na páxina web do Consello da Cultura Galega.

3) Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela.

4) O feito de figurar incluídos na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos inte-



resados posúíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen o proceso selectivo.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—

+34 981 957 202
consellodacultura.gal



Oitava. *Tribunal cualificador*

1. Os membros dos tribunais cualificadores serán designados pola Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega segundo o disposto no artigo 60 do TREBEP.

2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente, secretario e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o que se requira unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non poderá exercerse en representación nin por conta de ninguén.

4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, o persoal laboral temporal e o persoal eventual.

5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose os men-



cionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. A resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes dos tribunais cualificadores publicárase no DOG e na páxina web do Consello da Cultura Galega, xuntamente coa lista de admitidos.

7. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir e comunicaránlles ao presidente ou presidenta cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Comisión Executiva para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as



decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9. A partir da sesión de constitución de cada tribunal, para actuar validamente, requirirase a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na LRXSP e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria.

10. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

11. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Novena. Cualificación dos méritos do concurso

1. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias co-textadas. A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito:



A) Méritos profesionais (máximo 70 puntos):

A.I. Por servizos prestados no mesmo corpo, escala ou categoría profesional no Consello da Cultura Galega: 0,35 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

A.II. Por servizos prestados no mesmo corpo, escala ou categoría profesional noutras entidades do sector público diferentes da convocante: 0,15 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo por un mes 30 días naturais. A experiencia dos servizos prestados a tempo parcial será valorada de forma proporcional.

Os méritos profesionais deberán acreditarse mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración pública ou da entidade do sector público correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a Administración pública ou entidade, o vínculo ou réxime xurídico, o posto ou praza desempeñado, o corpo, escala ou categoría profesional, a porcentaxe de xornada e o cómputo total de días, meses e anos traballados. Para tal efecto non se terán en conta as



fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados os que derivan dunha contratación laboral temporal ou da condición de persoal funcionario interino, en calquera das súas modalidades.

B) Formación profesional (máximo 30 puntos):

B.I. Por cursos de formación convocados, organizados ou impartidos por administracións públicas ou homologados, ou por outras entidades do sector público ou universidades, ou os impartidos no ámbito da formación para o emprego ou dos acordos da formación continua, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria. Valorarase en todas as prazas a formación de carácter transversal (cursos de linguaxe administrativa do idioma galego, os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán e a protección do medio natural dende o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros).

Os cursos de formación valorarase a razón de 0,10 puntos por cada hora de formación.



A acreditación da formación realizarase mediante títulos, diplomas, certificados ou calquera outro documento con validez legal que acredite a denominación da acción formativa, número de horas (no suposto de constar os créditos computarase a súa equivalencia en horas) e nome da entidade que a organiza. Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou número de créditos.

B.II. Por titulacións académicas oficiais que non se correspondan coa titulación mínima esixida para acceder ao proceso de selección, a puntuación que corresponde neste apartado será:

- Por cada titulación académica superior ao nivel de titulación requirido para o acceso ao proceso selectivo de estabilización: 5,00 puntos.

Pola suma das puntuacións obtidas nos apartados B.I e B.II establécese unha puntuación máxima de 22,5 puntos.

B.III. Pola superación de exercicios ou probas de procesos selectivos de data posterior ao 01/01/2002 para a adquisición da condición de persoal laboral fixo finalizados ou coa fase de oposición rematada nesta en-



tidade en convocatorias para o acceso á mesma escala ou categoría profesional: 2,5 puntos por exercicio ou proba superada, ata un máximo de 7,5 puntos. Non se terán en conta para estes efectos as probas superadas para acreditar o coñecemento do idioma galego ou probas psicotécnicas.

2. Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso para formular alegacións.

3. De ser o caso, non se poderá valorar aquela formación (curso, mestrado, posgrao, etc.) que sexa requisito necesario para acceder á convocatoria específica.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Décima. *Coñecemento de lingua galega*

Os e as aspirantes deberán posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega correspondente á praza que se vai estabilizar, que se concretará nas bases específicas. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento que, en ningún caso, computará como mérito e que se realizará para os efectos de garantir o dereito de participar no proceso selectivo de estabilización para



aquelas persoas que non posúan o título acreditativo de galego con anterioridade á convocatoria. Para tales efectos, estes aspirantes deberán sinalar na súa solicitude de participación no dito proceso selectivo esta circunstancia.

A proba de coñecemento de lingua galega realizárase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención de praza e consistirá na realización dun exercicio de carácter oral que sirva para acreditar o coñecemento do idioma galego, nun tempo máximo de 30 minutos, e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza.

Se esta persoa non acreditase con anterioridade o coñecemento de lingua galega correspondente, deberá someterse á referida proba de galego cos mesmos efectos expostos con anterioridade.



Décimo primeira. *Cualificación final e relación de aprobados*

1. A cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

2. Unha vez determinada a cualificación final dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na páxina web do Consello da Cultura Galega.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase de conformidade cos seguintes criterios:

1º. En caso de infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a prol da muller. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo me-



nos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

2º. Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.A.I.

3º. Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.A.II.

4º. Maior puntuación obtida na cualificación de méritos na suma dos apartados 1.B.I e 1.B.II.

5º. Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado 1.B.III.

6º. De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Décimo segunda. *Réxime de incompatibilidades*

Os aspirantes que resulten contratados quedarán sometidos ao réxime de incompatibilidades vixente.

Décimo terceira. *Achega de documentos por parte dos aspirantes aprobados*

1. A relación de aprobados, publicada na páxina web do Consello da Cultura Galega, conterá unha advertencia recordándolles aos aspirantes aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases pa-



ra xustificar que cumpren os requisitos esixidos para accederen ao posto convocado.

2. Os aspirantes propostos disporán dun prazo de 20 días hábiles, contados dende a publicación da relación de aprobados, para presentar os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas deles:

- a) Documento nacional de identidade.
- b) Título académico esixido para o ingreso.
- c) Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/ou psíquicos que incapaciten para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a do Servizo Galego de Saúde ou similar que lle corresponda.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.



3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser contratado como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

Décimo cuarta. *Contratación*

1. Despois de concluír o proceso selectivo, os aspirantes aprobados, nun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán contratados como persoal laboral fixo, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Comisión Executiva, que ordenará a publicación das contratacións no DOG, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato de traballo unha vez que se practique a notificación persoal de contratación.



3. No prazo máximo de 1 mes a partir da publicación da contratación, procederase á formalización do preceptivo contrato de traballo.

Décimo quinta. *Carácter vinculante das bases*

Estas bases xerais vincularán ao Consello da Cultura Galega, os tribunais cualificadores e os aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

Décimo sexta. *Incidencias*

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo sétima. *Réxime xurídico*

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nestas bases xerais e as específicas de cada unha das convocatorias e, no non previsto nestas, pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a



redución da temporalidade no emprego público; polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e polo Real decreto 364/1995, do 10 marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Décimo oitava. *Disposición final*

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración tamén poderá, de ser o caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP.



Bases específicas que regulan o proceso selectivo dunha (1) praza de administrativo/a-secretaría de dirección (laboral fixo) correspondente ao proceso de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega, que se convoca polo sistema de concurso

Primeira. Descrición da praza

1. É obxecto desta convocatoria unha (1) praza de persoal laboral fixo con denominación de "Administrativo/a-Secretaría de Dirección", código de posto 01.01.01, pertencente ao grupo laboral III, categoría Administrativo/a Especialista e con xornada a tempo completo.

2. A citada praza está dotada coas retribucións correspondentes ao devandito grupo e categoría de titulación consignadas no vixente orzamento para aquela.

3. As funcións principais da praza ou posto de traballo son as previstas na vixente Relación de Postos de Traballo do Consello da Cultura Galega.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes



Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de Bacharelato ou titulacións equivalentes ou superiores que habiliten para o acceso á praza convocada, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- O título CELGA nivel 4 ou equivalente homologado ou estar en condicións de obtelo como máximo na data de remate de presentación de solicitudes. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das bases xerais.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Terceira. *Fase de concurso*

Os méritos do concurso valoraranse de conformidade co previsto nas bases xerais.



Bases específicas que regulan o proceso selectivo dunha (1) praza de administrativo/a-secretaría económico-administrativa (laboral fixo) correspondente ao proceso de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega, que se convoca polo sistema de concurso

Primeira. *Descrición da praza*

1. É obxecto desta convocatoria unha (1) praza de persoal laboral fixo con denominación de "Administrativo/a-Secretaría Económico-Administrativa", código de posto 01.01.02, pertencente ao grupo laboral III, categoría Administrativo/a Especialista e con xornada a tempo completo.

2. A citada praza está dotada coas retribucións correspondentes ao devandito grupo e categoría de titulación consignadas no vixente orzamento para aquela.

3. As funcións principais da praza ou posto de traballo son as previstas na vixente Relación de Postos de Traballo do Consello da Cultura Galega.



Segunda. Condicións das persoas aspirantes

Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de Bacharelato ou titulacións equivalentes ou superiores que habiliten para o acceso á praza convocada, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- O título CELGA nivel 4 ou equivalente homologado ou estar en condicións de obtelo como máximo na data de remate de presentación de solicitudes. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das bases xerais.

Terceira. Fase de concurso

Os méritos do concurso valoraranse de conformidade co previsto nas bases xerais.



Bases específicas que regulan o proceso selectivo dunha (1) praza de administrativo/a xeral (laboral fixo) correspondente ao proceso de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega, que se convoca polo sistema de concurso

Primeira. Descrición da praza

1. É obxecto desta convocatoria unha (1) praza de persoal laboral fixo con denominación de "Administrativo/a Xeral", código de posto 01.01.05, pertencente ao grupo laboral III, categoría Administrativo/a Xeral e con xornada a tempo completo.

2. A citada praza está dotada coas retribucións correspondentes ao devandito grupo e categoría de titulación consignadas no vixente orzamento para aquela.

3. As funcións principais da praza ou posto de traballo son as previstas na vixente Relación de Postos de Traballo do Consello da Cultura Galega.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes



Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de Bacharelato ou titulacións equivalentes ou superiores que habiliten para o acceso á praza convocada, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- O título CELGA nivel 4 ou equivalente homologado ou estar en condicións de obtelo como máximo na data de remate de presentación de solicitudes. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das bases xerais.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Terceira. *Fase de concurso*

Os méritos do concurso valoraranse de conformidade co previsto nas bases xerais.



Bases específicas que regulan o proceso selectivo dunha (1) praza de técnico/a superior-coordinador/a (laboral fixo) correspondente ao proceso de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega, que se convoca polo sistema de concurso

Primeira. Descrición da praza

1. É obxecto desta convocatoria unha (1) praza de persoal laboral fixo con denominación de "Técnico/a Superior-Coordinador/a", código de posto 02.02.01, pertencente ao grupo laboral I, categoría Técnico/a Superior-Coordinador/a e con xornada a tempo completo.

2. A citada praza está dotada coas retribucións correspondentes ao devandito grupo e categoría de titulación consignadas no vixente orzamento para aquela.

3. As funcións principais da praza ou posto de traballo son as previstas na vixente Relación de Postos de Traballo do Consello da Cultura Galega.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes



Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de Licenciatura ou Grao universitario nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- O título CELGA nivel 4 ou equivalente homologado ou estar en condicións de obtelo como máximo na data de remate de presentación de solicitudes. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das bases xerais.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Terceira. *Fase de concurso*

Os méritos do concurso valoraranse de conformidade co previsto nas bases xerais.



Bases específicas que regulan o proceso selectivo dunha (1) praza de técnico/a superior xestión cultural (laboral fixo) correspondente ao proceso de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega, que se convoca polo sistema de concurso

Primeira. Descrición da praza

1. É obxecto desta convocatoria unha (1) praza de persoal laboral fixo con denominación de "Técnico/a Superior Xestión Cultural", código de posto 02.02.02, pertencente ao grupo laboral I, categoría Técnico/a Superior Xestión Cultural e con xornada a tempo completo.

2. A citada praza está dotada coas retribucións correspondentes ao devandito grupo e categoría de titulación consignadas no vixente orzamento para aquela.

3. As funcións principais da praza ou posto de traballo son as previstas na vixente Relación de Postos de Traballo do Consello da Cultura Galega.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes



Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de Licenciatura ou Grao universitario nunha titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- O título CELGA nivel 4 ou equivalente homologado ou estar en condicións de obtelo como máximo na data de remate de presentación de solicitudes. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das bases xerais.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Terceira. *Fase de concurso*

Os méritos do concurso valoraranse de conformidade co previsto nas bases xerais.



Bases específicas que regulan o proceso selectivo dunha (1) praza de técnico/a superior deseño (laboral fixo) correspondente ao proceso de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega, que se convoca polo sistema de concurso

Primeira. Descrición da praza

1. É obxecto desta convocatoria unha (1) praza de persoal laboral fixo con denominación de "Técnico/a Superior Deseño", código de posto 04.03.01, pertencente ao grupo laboral I, categoría Técnico/a Superior Deseño e con xornada a tempo completo.

2. A citada praza está dotada coas retribucións correspondentes ao devandito grupo e categoría de titulación consignadas no vixente orzamento para aquela.

3. As funcións principais da praza ou posto de traballo son as previstas na vixente Relación de Postos de Traballo do Consello da Cultura Galega.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes



Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de Licenciatura ou Grao universitario nunha titulación de calquera rama, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- O título CELGA nivel 4 ou equivalente homologado ou estar en condicións de obtelo como máximo na data de remate de presentación de solicitudes. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das bases xerais.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Terceira. *Fase de concurso*

Os méritos do concurso valoraranse de conformidade co previsto nas bases xerais.



Bases específicas que regulan o proceso selectivo dunha (1) praza de técnico/a xestión informática (laboral fixo) correspondente ao proceso de estabilización de emprego temporal do Consello da Cultura Galega, que se convoca polo sistema de concurso

Primeira. Descrición da praza

1. É obxecto desta convocatoria unha (1) praza de persoal laboral fixo con denominación de "Técnico/a Xestión Informática", código de posto 04.03.02, pertencente ao grupo laboral II, categoría Técnico/a Xestión Informática e con xornada a tempo completo.

2. A citada praza está dotada coas retribucións correspondentes ao devandito grupo e categoría de titulación consignadas no vixente orzamento para aquela.

3. As funcións principais da praza ou posto de traballo son as previstas na vixente Relación de Postos de Traballo do Consello da Cultura Galega.

Segunda. Condicións das persoas aspirantes



Ademais dos requisitos sinalados na base terceira das bases xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión de:

- O título de Enxeñaría Técnica de Informática de Xestión ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- O título CELGA nivel 4 ou equivalente homologado ou estar en condicións de obtelo como máximo na data de remate de presentación de solicitudes. Os/As aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto na base 10ª das bases xerais.

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Com-
postela

—
+34 981 957 202
consellodacultura.gal

Terceira. *Fase de concurso*

Os méritos do concurso valoraranse de conformidade co previsto nas bases xerais.